

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

- 1.- Conforme o establecido no artigo 11 do Decreto do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un representante do PAS**.
- 2.- Son electores todos os membros do referido sector e incluídos no Censo correspondente, que dende o día **28 de outubro** está exposto no taboleiro de anuncios.
- 3.- As persoas que desexen presentar a súa candidatura oficial poderán facelo segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio ou que se pode descargar da páxina web do centro. O prazo de presentación irá desde o día **28 de outubro** ata as **14:00 horas día 8 de novembro**.
- 4.- A mesa electoral, será constituída o mesmo día, en acto público, as 10:45 horas. Estará composta pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, a secretaria e o membro do sector de maior idade.
- 5.- As votacións realizaranse no Colexio o día **18 de novembro**, entre as **10:00 e as 11:00 h**.
- 6.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **dun nome** de entre os candidatos/as presentados.
- 7.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

Touro, 28 de outubro de 2024

A Presidenta da Xunta Electoral.